

NUM-CONSULTA: V0006 -14

ÓRGANO: SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

DATA DE SAÍDA: 07/05/2014

NORMATIVA:

Artigo 5.Dez do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo (en diante TRTCG) (Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación), na súa redacción vixente a 19/06/2012 (data do outorgamento da escritura de transformación da sociedade):

DESCRINCIÓN-FEITOS

A consultante forma parte da plantilla dunha sociedade cooperativa galega, xurdida da transformación doutra sociedade limitada. Con motivo da dita transformación a consultante, que xa era empregada da sociedade limitada, adquiriu a condición de socia traballadora da cooperativa, realizando unha achega económica de 10.000 euros no exercicio 2012.

A xunta xeral da sociedade limitada, acordou transformala nunha sociedade cooperativa galega e dito acordo elevouse a público co outorgamento da correspondente escritura de transformación de sociedade limitada en sociedade cooperativa mixta de traballo asociado.

CUESTIÓN FORMULADA

Interesa coñecer a posibilidade de aplicar a dedución autonómica galega contemplada no artigo 5.Dez do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo, á aportación realizada pola consultante para adquirir a súa condición de socia.

En concreto, e considerando adecuadamente cumpridos o resto dos requisitos, expósenos dúas consultas:

Consulta 1:

Se o feito de que se trate da transformación dunha sociedade limitada xa existente nunha sociedade cooperativa mixta de traballo asociado, sería óbice para o cumprimento dos requisitos de aplicación da dedución.

Consulta 2

Se a condición de socio traballador sería compatible co requisito mencionado no apartado 1 c) do artigo 5.Dez, en canto a que non poda existir relación laboral entre o socio e a entidade.

CONTESTACIÓN COMPLETA

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 307/2009, de 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, este centro directivo informa o seguinte:

Normativa:

Artigo 5.Dez do TRTCG (Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación), na súa redacción vixente a 19/06/2012 (data do outorgamento da escritura de transformación da sociedade):

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 4.000 euros, o 20% das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, anónimas laborais ou limitadas laborais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou

afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40% nin inferior ao 1% do capital social da sociedade obxecto do investimento ou dos seus dereitos de voto en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

b) A entidade en que hai que materializar o investimento debe cumprir os seguintes requisitos:

1.º Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2.º Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para tal efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario o inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8.º dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3.º Debe contar, como mínimo, con dúas persoas ocupadas con contrato laboral e a xornada completa, dadas de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia, durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

4.º No caso de que o investimento se realizase mediante unha ampliación de capital, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, e que ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación, o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia se incrementase, polo menos, en dúas persoas, respecto do cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores, e que o devandito incremento se manteña durante un período adicional doutros vinte e catro meses.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas

nin de dirección durante un prazo de dez anos. Tampouco pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo.

d) As operacións en que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal se debe especificar a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

e) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación.

Resposta:

Cuestión 1:

Se o feito de tratarse da transformación dunha sociedade limitada xa existente nunha sociedade cooperativa mixta de traballo asociado, sería óbice para o cumprimento dos requisitos de aplicación da dedución.

Resposta:

O artigo 5.Dez do TRTCG dispón que *os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 4.000 euros, o 20% das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, anónimas laborais ou limitadas laborais.*

Por outra parte, o artigo 14 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE de 18 de decembro de 2003) establece que *non se admitirá a analoxía para estender máis alá dos seus termos estritos o ámbito do feito imponible, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.*

A dedución regulada no artigo 5.Dez do TRTCG antes transcrito, refírese especificamente a acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, anónimas laborais ou limitadas laborais.

O citado precepto non prevé a aplicación do beneficio fiscal a supostos de feito distintos dos sinalados no parágrafo anterior, como é o caso de transformación dunha sociedade limitada xa existente nunha sociedade cooperativa mixta de traballo asociado. En consecuencia, a aplicación do beneficio fiscal a este suposto –que é o que se consulta– constituiría unha extensión analóxica do seu ámbito a un suposto non regulado expresamente no artigo 5.Dez del TRTCG, o cal está vedado polo artigo 14 da citada Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que non admite a utilización da analoxía para expandir o ámbito de exencións e demais beneficios fiscais.

Cuestión 2:

Se a condición de socio traballador sería compatible co requisito mencionado no apartado 1 c) do artigo 5.Dez mencionado, en canto a que non pode existir relación laboral entre o contribuínte e a entidade.

Resposta:

Considerando a resposta á cuestión anterior, non procede entrar a valorar esta última pregunta. Neste sentido, ponse no seu coñecemento que o artigo 5.Dez do TRTCG antes reproducido foi parcialmente modificado pola Disposición Final Primeira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (con efectos dende o 1/1/2013), ampliando o seu ámbito ás sociedades cooperativas e excluindo para estas o requisito da letra c). Así:

Dez. Dedución por inversión na adquisición de accións o participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento.

Os/as contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, as seguintes cantidades:

a) O 20 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.

b) Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o 20% das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo/a contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio en que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación do seu capital.

Para ter dereito a estas deducións deberanse cumprir os seguintes requisitos:

(...)

c) O/a contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

(...)

O que comunico a vostede con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.